Microrrelatos premiados

Xosé Lois Ríos Paredes

Lucía

Lucía era talmente coma o Xoán. Corría tanto ou máis ca el e non había quen lle gañase á estornela (1) nin ás bolas, nin quen os separase. Porén, cando foi tempo de ir á escola, fixérono de modo **diverso**, apartados por **sexo**: el no grupo dos homes; ela, no delas.

Tiña boa chencha e entendeu decontado as diferenzas -que xa na casa lle advertían- e, sobre todo, aprendeu como ser e conducirse, consonte a **identidade** feminina.

Afíxose ao rol, apreciando o valor dos alicerces convencionais, e foi vivindo conforme os patróns comúns, criando os fillos del, sen deixar de lidar na fábrica e achegar froitos.

Xoán, enviciado no alcol, foi aloulando. Un día, bébedo de máis, esnafrouse nunha curva. Escangallado, nunha cadeira de rodas, xamais abrigou dúbida sobre a xenética dominante nin o deber de cada quen. Ela, tampouco.

Para iso foran educados.

---

(1) tamén chamada "billarda" ou, no Morrazo, "canisa". Xogo que consiste en dar cun pau noutro máis pequeno e rematado en punta nos extremos, que está colocado no chan, de xeito que se fai saltar ao golpealo e, xa no aire, dáselle un segundo golpe, gañando quen o despide a maior distancia (RAG).

Xosé da Gándara

Po Cósmico

Por máis diverso que se amose o Universo, única é a luz. Nela florece o sol como tal sol e como lúa, a lúa, con luzada propia ou reflectida, xirando en harmonía e plena identidade, no ad perpetuam dos códigos da Física.

Tamén a carne, confundida no cigoto, na mórula, na estrutura celular do blastocisto, emerxe amalgamada, en única materia, caro o embrión da vida. Transcorrerá aínda un cuarto da elíptica de translación até que o sexo, por fin, comece a definirse e a diverxer –ou talvez non- en fenda ou nabo, no imprevisíbel desequilibrio dos mandados da vida.

No transo derradeiro do latexo vital, tralo efémero episodio da existencia mesma, a magalla humana, sen a enerxía que move os pulsos, minguará en molécula, átomo ou partícula de borrallo e morará, de novo indivisible, nos cósmicos espazos das leis da norte in saecula saeculorum.

RPL

-*Deixaches que correse moito…* –botoulle en cara o sogro, contristado.

-*Non a ataches ben…* –chantoulle o mellor amigo.

Espichábanlle ferretes do máis **diverso**, mais o Daniel procuraba non ouvir. Que lle importaba aos demais? Se quería o divorcio, alá ela. Total, non se entendían nin tiñan **sexo** había tempo.

-*Que non pense que es un calquera!* –tivo que encaixar, da nai.

-*Es un pouca cousa, que se non!* –espetoulle o irmán.

Na taberna, no choio, na rúa, calquera riso ou murmurio tíñao a chacota. O agrear do carácter comezoulle a rexer a **identidade** e foi tomando corpo nel a idea infanda.

-*Pobres si, pero a testa limpa e dereita…* –aguilloou o pai.

Mercou o que tiña que mercar e agardou que saíse da fábrica. Un regueiro vermello tinguiu o camiño dunha volta á morada que non houbo.

-*Por que?* –preguntou o instrutor.

-*Non podía ir contra todos!* –escusou o reo.

A doutora en Antropoloxía e investigadora Dona Rita Segato sostén que os casos extremos de violencia de xénero acostuman sustentarse, moitas veces, en condutas ou xestos machistas, socialmente tolerados, que en si mesmos non son constitutivos de delito, pero que son caldo de cultivo que pode inducir a que persoas "normais" se convertan en auténticos criminais. Fonte: http://www.nuevatribuna.es/articulo/sociedad/falla-pensamiento-feminista-creer-violencia-genero-problema-hombres-mujeres/20170921093249143554.html

José de Xulián

Don Constantino, home recto onde os houber, recibiu a nova de que ía ser avó.

- *O sexo dá igual, con tal que sexa neno*-dixo, entre retranqueiro e bonachón.

E como a criatura en camiño era un varón, a ledicia que lle trouxo foi completa.

Porén, de que o miúdo comezou a despuntar, foi aflorando nel un non sei que, que operaba un desconcerto grande no patrucio.

- *Unha cousa é ser diverso nas maneiras do carácter e outra, moi diferente, ter trabucada a identidade natural!*
- *Ti si que es un conainas!*-retrucáballe o fillo.
- *Hai que tratalo antes que sexa tarde! Eu a ti non te criei así!* Recriminaba ao vinculeiro con anoxo.

Canso de batallar en van, o patriarca, cheo de desabor do que dirán ao ver un herdeiro da súa liñaxe encerellado en artellos de muller, foi renegando del.

María Méndez Álvarez

O asasinato no muíño do Marqués

Lúa e Xoán eran dous irmáns que vivían na aldea de Ventoso onde había unha ducia de muíños que lles encantaba visitar.

Á noitiña do venres cando regresaban do seu instituto, pasaron xunto ao muíño do Marqués onde atoparon un corpo cuberto de follas co rostro totalmente desfigurado, que permanecía inmóbil sobre a pedra de moer. Non tardaron en decatarse de que estaba morto. Quen era aquel estraño? Cal era a súa identidade?

Correron a avisar á súa nai, que era médica especializada en autopsias do hospital da comarca, e que xunto á policía se ocuparon do caso. Tras a revisión e análise do corpo, determinaron que aquel descoñecido, en realidade, era de sexo feminino. Tratábase de Xulia, a directora do instituto, que resultou asasinada polo fillo do muiñeiro, a quen expulsaran o ano pasado por actuar contra o diverso e polas actitudes sexistas e discriminatorias denunciadas por varias compañeiras.

Beatriz Otero Dotras

O día a día

Son as sete da mañá. Érgome e preparo o almorzo da familia. Vou espertar a miña filla. Cando estamos preparados, lévoa ao instituto e vou traballar. Ás dúas, saio do meu traballo e recollo á rapaza no instituto. Ao volvermos a casa, cociño a comida de hoxe. Despois de xantar, acompaño a miña filla coa súa noiva ao entrenamento de fútbol e eu volvo á casa para facer os labores do fogar: poño lavadoras, tendo a roupa, frego a louza...

Agora, é pola noite e percibo o cansazo que teño, mais xa rematei todo o que tiña que facer. Escoito a porta abrirse. É a miña muller. Doulle un bico e os dous imos xuntos durmir despois dunha longa xornada.

Este é un día normal na nosa familia, repartimos as tarefas do fogar con igualdade, sen ter en conta o sexo e aceptamos as diversas identidades de cada individuo.

Palmira Vicente Mendes

Xan e Candela sempre pensaron que eran un para o outro, só era un espellismo da norma hetero patriarcal. O xénero diverso como as especies da terra, coma as cores do universo era o que sentiron cambiar.

Candela vivía rodeada de cuestións e impedimentos coa súa identidade sexual, pola familia, as amigas e incluso os veciños. Que lle importaba a toda esa xente o que sentía ela?

A súa relación con Xan baseábase nunha mentira imposta pola sociedade. Eran amigos dende sempre, pero cumprida a adolescencia todos agás eles creron que debían estar xuntos.

Levábanse moi ben e compartían afeccións e momentos. Xan non sentía nada respecto ao sexo, quixeron probar nunha festa; el non sentiu nada, ela estaba confusa. O tempo foi pasando e a súa relación non era como o resto.

Cada un seguiu o seu camiño inda que sen separarse nunca.